

# Os nenos tamén queren ler. Panorama da literatura infantil e xuvenil en lingua galega no século XXI

*Also children want to read. Panoramic of the Galician children's and youth literature in the 21st century*

**Diego MUÑOZ CARROBLES**

Universidad Complutense de Madrid  
diegomc83@hotmail.com

*Eu cavilo nesto porque me aconteceu.  
E acontecelle todos os días a moitos rapaces por aí adiante.  
Os grandes esqueceronse de cando eles eran pequenos. Se  
esculcasen os nosos ollos desandarían a tempo. Pero adi-  
cáncase a outros problemas e non fan caso de nós.  
X. Neira Vilas, Memorias dun neno labrego*

## RESUMO

Neste artigo tentaremos facer unha aproximación á situación actual da literatura infantil e xuvenil galega. Falaremos dos autores e obras principais e mais da actividade editorial, das revistas e dos colectivos que traballan neste campo nos primeiros anos do século XXI: un panorama xeral que amose a vitalidade deste xénero.

**PALABRAS CHAVE:** Literatura infantil, literatura xuvenil, editoriais, investigación.

MUÑOZ CARROBLES, D. (2006): "Os nenos tamén queren ler. Panorama da literatura infantil e xuvenil en lingua galega no século XXI", *Madrygal (Madr.)* 9: 85-92.

## RESUMEN

En este artículo intentaremos hacer una aproximación a la situación actual de la literatura infantil y juvenil gallega. Hablaremos de los autores y de las obras principales así como de la actividad editorial, revistas y colectivos que trabajan en este campo en los primeros años del siglo XXI: un panorama general que muestre la vitalidad de este género.

**PALABRAS CLAVE:** Literatura infantil, literatura juvenil, editoriales, investigación.

MUÑOZ CARROBLES, D. (2006): "Los niños también quieren leer. Panorama de la literatura infantil y juvenil en lengua gallega en el siglo XXI", *Madrygal (Madr.)* 9: 85-92.

## ABSTRACT

In this article, we're going to make an approach to the current situation of the Galician children's and youth literature. We're going to speak about the main authors and titles, as well as the editorial activity, magazines and groups working on this field during the first years of the 21st century: a general panoramic showing the vitality of this literary genre.

**KEY WORDS:** Children's literature, youth literature, publishing houses, research.

MUÑOZ CARROBLES, D (2006): "Also children want to read. Panoramic of the Galician children's and youth literature in the 21st century", *Madrygal (Madr.)* 9: 85-92.

**SUMARIO:** 1. Introducción xeral á literatura infantil e xuvenil. 2. A tradición da LIX en lingua galega. 3. Autores e obras principais no século XXI. 4. O rol da tradución. 5. A actividade editorial. 6. A LIX como obxecto de estudo. 7. Conclusións. 8. Referencias bibliográficas.

Ao longo da historia, os nenos apropiáronse dos textos literarios que lles interesaban aínda que estivesen adicados ao lector adulto. Sen o saberen, formaron unha categoría esencial da literatura feita para eles. Hoxe que a actividade literaria e editorial no campo da literatura infantil e xuvenil é crecente, cómpre facer un traballo no que poidamos ver como funciona este xénero no contexto da lingua galega.

## 1. INTRODUCCIÓN XERAL Á LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Unha grande parte da crítica sobre a literatura infantil e xuvenil (LIX) admite que até as obras dos irmáns Grimm, escritas principalmente entre os anos 1812 e 1825, a literatura feita para os máis novos non existira. Porén, vemos que no século XVIII foron moitos os traballos didácticos, como por exemplo a recuperación do xénero clásico da fábula (Lafontaine, Iriarte, Samaniego...) e aínda máis cedo, no século XVII, temos os contos do francés Charles Perrault, creados para a diversión da corte de Versailles e que pasaron hai tempo ao imaxinario colectivo infantil e adulto.

O problema da LIX foi (aínda o é) a consideración de xénero menor. Escribir para un lector de seis a dezaseis anos non significa escribir para parvos nin tratar temas simples: ante todo a literatura infantil é literatura, un tipo especialmente creado para un lector determinado, que debe tratar temas apropiados nun ton comprensíbel e natural. A grande literatura feita para un lector escolar pode (e debe) incluír os grandes temas da vida, os nenos deben disfrutar dela e mais os adultos, que poden evocar así un pasado máis ou menos afastado.

Como dixemos no inicio deste artigo, LIX non é só a literatura feita para os nenos, mais tamén a literatura que os nenos fixeron súa co pasar dos séculos. Isto amosa a súa vitalidade, a súa interactividade e a súa adaptación ás distintas épocas, xa que, ademais de ser feita para o lector, está feita por el. Rabelais non pensou que o seu *Gargantúa e Pantagruel* puidese pasar ao corpus literario infantil e xuvenil e isto non o fixo un crítico, fixérono os lectores.

Non é a nosa tarefa dicir como debe ser esta literatura (grandes voces xa o fixeron —Bravo Villasante, Enzo Petrini) mais queremos citar algunhas características. A LIX estivo sempre

moi ligada ás tradicións populares, nela atopamos elementos non naturais, contidos fantásticos, personificacións de animais e de obxectos, argumentos pouco complicados e recorrentes, exemplos aplicábeis á realidade exterior do neno... Son xeralmente obras de protagonista, con moitos personaxes nenos ou adolescentes. A acción é esquemática (introdución, desenvolvemento e fin) e a caracterización dos personaxes segue o esquema do ben e do mal. No caso da poesía atopamos unha predilección polos versos curtos e pola rima consonántica e regular.

Para rematar esta breve descrición non podemos esquecer o problema da escolarización da literatura infantil e xuvenil: moitas veces esta literatura estase a converter nunha actividade escolar e moitos lectores vena como unha obriga e non como unha obra literaria agradábel. É certo que un dos seus obxectivos debe ser o fomento da lectura mais non se pode esquecer a súa finalidade recreativa.

## 2. A TRADICIÓN DA LIX EN LINGUA GALEGA

A transmisión oral é a orixe de todos os xéneros literarios e, no caso galego, único xeito de supervivencia da tradición literaria fronte ás adversidades históricas. Literatura non é sinónimo de escritura, os contos infantís foron primeiro narracións orais antes de seren escritos. Non sabemos cantos nenos oíron, por exemplo, os contos que Ánxel Fole recolle no seu volume *Á lus do candil*.

A situación diglósica da lingua galega provocou que case todos os textos da LIX dos que os nenos galegos podían dispor estivesen escritos en castelán até hai ben pouco tempo. O primeiro método de lectura en galego foi realizado en 1932 pola mestra Josefá Vilarelle. A Guerra Civil truncou un hipotético despegar da LIX galega.

O verdadeiro “Rexurdimento” desta literatura acontece no ano 1983 co Estatuto de Autonomía (1980), coa Lei de Normalización Lingüística de Galicia<sup>1</sup> e a implantación oficial da lingua galega nas aulas. Este feito provoca a aparición dun lector en potencia e nace a actividade editorial neste campo: tanto en creacións orixinais como en traducións, grazas ao apoio da administración autonómica galega. Citaremos, por exemplo, a tradu-

<sup>1</sup> En 1979 publicouse o Decreto de Bilingüismo, que regulaba oficialmente a introdución da lingua galega no ensino.

ción galega de *Alice in Wonderland* de Lewis Carroll (*Alicia no País das Marabillas*) feita por Teresa Barro e F. Pérez Barreiro, que obtivo o Premio Nacional de Tradución en 1985.

Sen saírmos da década dos oitenta, cómpre destacar a obra de Paco Martín, *Das cousas de Ramón Lamote*, un dos libros galegos máis premiados, gañador dos premios Barco de Vapor 1984, Nacional de Literatura 1986 e White Ravens 1988, incluído na prestixiosa IBBY<sup>2</sup> Honour List no 1986.

Nos anos 90 aumentará a produción de libros infantís e xuvenís feitos en galego. Segundo datos da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), se no 1989 se publicaron pouco máis de 20 títulos, no 1999 a cifra abranguea xa os 90 cada ano. Este crecemento débese á obrigatoriedade do estudo da lingua galega nos colexios e institutos e son os froitos da formación dun lector de LIX no idioma do país. Malia sermos inxustos cos outros autores, citaremos a Xavier P. Docampo (Premio Nacional de Literatura 1995), *O misterio dos fillos de Lúa* de Fina Casalderrey (Premio Nacional de Literatura 1996), *Na fogueira dos versos* de Antonio García Teijeiro (IBBY Honour List 1998), etc. Estes recoñecementos a nivel estatal e internacional amosan a grande calidade da literatura infantil e xuvenil galega.

Ocuparémonos máis adiante de botar unha ollada ao resto de autores e de obras significativas.

### 3. AUTORES E OBRAS PRINCIPAIS NO SÉCULO XXI

Non nos gustaría deixar fóra desta pequena aproximación á literatura infantil e xuvenil galega nestes primeiros anos de século a ninguén, mais sería imposible nomear a todos os autores e todas as obras. Velaí vai a nosa escolma.

#### NARRATIVA

##### Darío Xohán Cabana

Nado na lucense Terra Cha en 1952, este autor conxuga varias facetas literarias, a LIX e a Idade Media, mesturándoas ás veces con grande éxito. Entre as súas obras principais destacaremos

*Galván en Saor* (1989), título imprescindible na LIX galega, *O castrón de ouro* (1993) e o seu derradeiro traballo *As viaxes do Príncipe Azul* (2005), todas elas de temática medieval.

##### Fina Casalderrey

Naceu en Xeve (Pontevedra) e traballa no ensino. A súa estrea na LIX foi no ano 1991 coa novela xuvenil *Mutacións xenéticas*. No ano 1996 foille concedido o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa novela *O misterio dos fillos de Lúa* (1996). Entre os seus recentes traballos atopamos *Filla das ondas* (2003) e *Un can no piso! E que?* (2003). A súa obra está traducida nas outras linguas do Estado, mesmo en asturiano e aragonés.

##### Agustín Fernández Paz

Este profesor e codirector da colección “Merlín” de LIX, preocupado pola renovación pedagóxica (é autor de numerosos artigos en revistas de educación) e pola difusión do galego no ensino, é un dos escritores galegos máis premiados e amplamente traducidos en outras linguas. Un dos seus títulos máis celebrados foi *O meu nome é Skywalker* (2003), Premio O Barco de Vapor 2003 e incluído na lista White Ravens 2004, a historia dun home invisíbel vindo das estrelas que só pode ser visto pola rapaza protagonista. O seu último suceso é *A escola dos piratas* (2005), Premio Edebé.

##### Xosé Miranda

É un dos novos nomes da LIX galega, autor da obra *Pel de lobo* (2002), gañadora do Premio Merlín 2002 e o máis recente representante galego na xa citada IBBY Honour List, en 2004. Nela, o vello Xosé Novoa conta aos seus netos a historia que lle sucedera cuns lobos cando tiña dezasete anos. O motivo do lobishome retomado agora para os lectores de LIX.

##### Xosé A. Neira Cruz

O nome de Neira Cruz non podía faltar nun artigo sobre a literatura infantil e xuvenil galega:

<sup>2</sup> IBBY Honour List: Lista de Honra do IBBY, International Board on Books for Youth.

profesor de xornalismo na USC, autor, responsable da colección “Sete Mares” da Editorial Galaxia e director da revista *Fadamorgana*, a súa traxectoria está avalada por moitísimos premios. A actividade de Neira Cruz neste campo é infatigábel. Ademais das súas novelas, dirixe unha colección sobre os autores máis importantes da literatura galega, (*Rosalía, Castelao...*), e membro do xurado do Premio IBB, etc.

Citaremos algúns títulos seus, moitos deles traducidos a numerosas linguas: *Valdemuller* (1997), *Os ollos do tangaleirón* (2000) Premio O Barco de Vapor, *As cousas claras* (2000) Premio Merlín 2000 e Premio Lecturas 2002, un dos títulos chave da LIX galega e mesmo europea por tratar temas actuais como a sexualidade e a comunicación entre pais e fillos, *O armiño dorme* (2002), gañador do Premio Raíña Lupa.

Citaremos tamén a **Gloria Sánchez**, nada en Vilagarcía de Arousa en 1958 e autora de *Fafaraios* (1990, Premio Merlín), *Doutor Rus* (1994, Premio Edebé) e de *Chinto e Tom* (2000), gañador do Premio Lazarillo; e **Antón Cortizas Amado**, autor da novela *A merla de trapo* (2001), gañadora do Premio Merlín, un conto de fadas protagonizado pola costureira Antonia.

## POESÍA

### Antonio García Teijeiro

(Vigo, 1952) Este é sen dúbida o nome máis significativo da LIX galega en poesía. *Na fogueira dos versos* (1996) é unha das obras galegas máis premiadas: Premio Merlín, incluída na Lista de Honra da IBBY e merecedora de recoñecementos internacionais como o Premio Pier Paolo Vergerio da Universidade de Padova. Destes primeiros anos de século podemos citar *Chove nos versos* (2004) ou ben *A princesa que perdeu o seu nome* (2004). O talento de García Teijeiro amosa que a LIX non é unha leira exclusiva da narrativa e na nosa opinión, agradácese que os nenos se poidan achegar a poesía.

O outro grande nome da poesía infantil e xuvenil é **Ana M.<sup>a</sup> Fernández**, autora entre outros, de *Amar e outros verbos* (2001), Premio Lazarillo.

## TEATRO

### An Alfaya

A obra da escritora teatral viguesa M<sup>a</sup> Ángeles Alfaya Bernárdez diríxese especificamente ao público infantil e xuvenil. Participou na fundación do Teatro Avento de Vigo. Autora, por exemplo, de *O baúl de Wensel* (2000), *A estrela Volarina na torre Coralina* (2001) e *Buguina namorada* (2002). Gañou o Premio Merlín 1997 con *Sireno, Sireno!*

Para rematar esta selección de autores e obras, debemos falar doutros autores que tamén deron ao prelo importantes títulos feitos para os lectores máis novos. Son, por exemplo, Manuel Rivas, Suso de Toro ou Xavier Alcalá. Isto confirma que a LIX galega é moi dinámica e posúe unha grande calidade, xa que é capaz de chamar a atención de autores consagrados.

## 4. O ROL DA TRADUCIÓN

### DOUTRAS LINGUAS AO GALEGO

A tradución da LIX en galego naceu hai pouco máis de vinte anos coa idea de relacionar a Galiza coas novidades literarias do exterior e hoxe é unha actividade moi viva. Se durante a ditadura franquista a lingua galega perdera moitos falantes e moito prestixio e todos os títulos estranxeiros chegaran aos galegos en lingua castelá, na actualidade, o labor de tradución é unha parte do proceso de normalización da lingua. Citamos xa o premio recibido pola tradución de *Alicia no País das Marabillas* e non podemos esquecer o premio<sup>3</sup> concedido á tradución galega do *Pinocchio* de Carlo Collodi, feita por Antón Santamarina. Xa en 1999 a versión galega dunha obra de Edgar A. Poe, *As aventuras de Arthur Gordon Pym*, foi incluída na devandita IBBY Honour List, na categoría de tradución.

Os lectores de LIX en galego dispoñen hoxe dun amplo conxunto de títulos estranxeiros. A serie de best-sellers *Harry Potter*, de J.K. Rowling é un bo exemplo, mais non debemos esquecer os nomes clásicos como Roald Dahl (*Charlie e a fábrica de chocolate, Iago e o pexego xigante, Matilda*), Jules Verne (*Vinte mil leguas de viaxe submarina*), Robert Louis

<sup>3</sup> Premio Nacional de Tradución 1988, *Pinocho*.

Stevenson (*A illa do tesouro*), Sempé/Goscinnny (*O pequeno Nicolás*) e mais os contos dos irmáns Grimm, Andersen e Perrault. A este catálogo engadiremos tamén as versións galegas das series francófonas de Astérix (Uderzo) e de Tintín (Hergé), traducidas a centos de linguas.

O fenómeno da tradución supón o acceso do lector galego na súa lingua vernácula ás mellores obras feitas noutras linguas sen pasar pola ponte do castelán, como sucedera durante moitos anos. Grazas ao traballo dos tradutores, a comunidade lingüística galega non fica allea ás novidades do mercado e non perde o tren desta “globalización” literaria.

## DO GALEGO A OUTRAS LINGUAS

A situación contraria non é tan optimista. Poucos títulos galegos de literatura infantil e xuvenil se traducen a outras linguas. A principal lingua de destino é maioritariamente o castelán, seguida das outras linguas peninsulares: catalán, esquerda e portugués. Os lectores casteláns de LIX poden ler moitas obras de Neira Cruz (*Os ollos do tangaleirón* ou *Los ojos sin párpados*), Fina Casalderrey e as incursións neste xénero de autores sempre traducidos como Manuel Rivas e Suso de Toro. Do libro *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz, existen por exemplo as versións castelá (*Mi nombre es Skywalker*) e catalá (*Em dic Skywalker*). A tradución de títulos galegos nestas linguas faise posíbel, en grande medida, grazas ás axudas á tradución do Ministerio de Cultura.

Un dos retos, pois, da literatura infantil e xuvenil galega será a proxección internacional, o acceso a mercados alófonos e estranxeiros. A grande calidade desta literaturia necesita ademais traspasar as fronteiras para se consagrar, os autores galegos merecen ser coñecidos.

## 5. A ACTIVIDADE EDITORIAL

### COLECCIÓNS

A maioría de editoriais que empregan o galego nas súas publicacións teñen unha liña adicada á literatura infantil e xuvenil, con obras de autores galegos e mais traducións. Con todo, a edición de LIX

en galego non é doada, o número de lectores descende, a competencia das obras en castelán é grande e o apoio ao libro galego non é abondo suficiente<sup>4</sup>.

Se falamos de números, até a chegada da democracia contamos pouco máis de vinte libros infantís ou xuvenís; a cifra vai crescendo até os anos noventa e xa no ano 2000 publicáronse máis de cen destes libros<sup>5</sup>. Neste século prodúcese, porén, un descenso na actividade editorial, este dato invítanos a unha fonda reflexión sobre o presente e o porvir do libro infantil e xuvenil galego.

Edicións Xerais de Galicia posúe máis de dez coleccións de LIX, entre as que destacamos “Merlín”, “Pequeno Merlín”, “Paseniño”, “Fóra de xogo” e “Lendas de Galicia”. Esta é a editorial que publica máis títulos de LIX en lingua galega, entre os seus autores destacan Manuel Rivas, Suso de Toro e Neira Cruz.

A Editorial Galaxia non podía ficar allea á literatura infantil e xuvenil no seu labor cultural e empresarial. Citaremos, por exemplo, as coleccións “Árbore”, “Sete mares” e “Costa oeste”. Entre os autores publicados por Galaxia atopamos a Darío Xohán Cabana. O grupo SM está vencellado a Galaxia no territorio galego, del cómpre dicir que é o impulsor da colección “O Barco de Vapor”, equivalente galego de “El Barco de Vapor” a colección en castelán.

Moitas outras editoriais galegas posúen coleccións de LIX. Malia esquecermos algunha delas, queremos facer unha pequena enumeración. Ir Indo, “Contacontos”; A Nosa Terra é a editora da serie *Os bolechas*; Sotelo Blanco, “Bolboreta”; Edicións do Castro... Parécenos moi interesante a actividade da editorial pontevedresa Kalandraka Editora, que publica unicamente obras de LIX, en galego, castelán, esquerda, inglés e portugués.

A propia Xunta de Galicia edita libros de LIX, tanto creación como obras de referencia, como a guía cultural *A nosa literatura infantil e xuvenil*, dirixida por Blanca-Ana Roig Rechou, de carácter anual.

Non podíamos deixar fóra desta descrición ás grandes editoriais españolas que publican libros en galego. Tal é o caso de Alfaguara (Obradoiro), Edelvives (Ala Delta), Bruño (Alta mar), Edebé, coa súa filial Roder e Luis Vives, con Tambre. Algaida-Anaya ten unha colección de libros traducidos “Os contos da Media Luniña” e Alhambra publicou en galego a serie *Don Don e Dona Dona*,

<sup>4</sup> Ruzicka et al. (2000: 38)

<sup>5</sup> Datos da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.

de Robert Heargraves. A vantaxe destas editoriais é o respaldo dunha grande produción e duns grandes beneficios a nivel estatal, o que lles permite editar en galego malia non gañaren moito.

O panorama editorial galego de LIX é rico e variado mais non exento de problemas, como xa dixeramos antes. Quizais o risco de publicar LIX en lingua galega é un dos poucos métodos para crear un lector en galego desde moi cedo, unha inversión de futuro que todas as editoriais galegas tentan facer.

## PREMIOS

Recoñecementos non lle faltan á literatura infantil e xuvenil galega, a ela están dirixidos moitos premios. Os premios para a LIX teñen unha dobre orixe: editorial e institucional. Os premios das editoriais teñen como obxectivo chamar a atención do posíbel comprador: entre un libro “normal” e outro premiado, é máis probábel que se merque antes o libro premiado, garantía de calidade para moitos compradores, podémolo comprobar coas listas de vendas en calquera ámbito da literatura. Os premios das institucións funcionan como unha “homenaxe”, un recoñecemento á calidade literaria da obra despois da súa publicación, mais posúen tamén un efecto revitalizador nas vendas dos títulos premiados.

Pasemos aos premios convocados polas editoriais. O **Premio Merlín** está convocado por Edicións Xerais de Galicia; de tema e xénero libres, é un referente para lectores e especialistas, pois considérase o máis prestixioso. No 2005 o seu gañador foi Ramón Carredano Cobas, por *Unha branca de cobre para Martiño*. Está dotado con 7.500 euros. O **Premio O Barco de Vapor** está convocado pola Fundación Santa María, propietaria da Editorial SM, na modalidade de novela, cunha dotación económica de seis mil euros. No 2004 ficou deserto.

O **Premio Edebé** convócase en dúas modalidades: literatura infantil e literatura xuvenil e premia unha novela escrita en calquera das linguas oficiais do Estado, non é un premio propiamente galego, aínda que por exemplo Agustín Fernández Paz fose o máis recente gañador con *A escola dos piratas*. A dotación económica é de vinte e cinco mil euros na modalidade infantil e trinta mil na xuvenil. O **Premio Abril** de narrativa para mozos e mozas

convócano Ámbito Cultural - El Corte Inglés e Editores Asociados (Galaxia, no caso galego e mais editoriais das outras linguas do Estado), en 2001 foi para o escritor galego Carlos Mosteiro con *Manual de instrucións para querer a Irene*.

As asociacións do libro infantil e xuvenil convocan tamén os seus premios, a galega Gáliz convoca o **Premio Lecturas** de Literatura infantil e xuvenil, en cinco modalidades: até 8 anos, de 8 a 10 anos, de 10 a 14 anos, máis de 14 anos e Ilustración. Entre os seus gañadores temos por exemplo dúas obras de Suso de Toro: *Servicio de urxencias* (2004) e *Morgún* (2005). Non é un premio de creación, máis de recoñecemento ás obras máis destacadas do ano, entre as dez elixidas polos lectores. A OEPLI<sup>6</sup> convoca o **Premio Lazarillo**, co patrocinio do Ministerio de Cultura, para premiar a obra máis significativa do ano en calquera das linguas oficiais de España e está dotado con seis mil euros. No ano 2004 recaeu, por vez primeira, nunha peza teatral: *A noite da raíña Berenguela*, de Neira Cruz.

Entre as institucións políticas galegas atopamos unha especialmente interesada na difusión da literatura infantil e xuvenil, trátase da Deputación da Coruña, que convocaba o **Premio “Raíña Lupa”** na modalidade de novela, cunha dotación de seis mil euros. De vida efémera, o primeiro gañador foi Agustín Fernández Paz por *Cos pés no aire*.

Sen dúbida o galardón máis importante de cantos conceden as institucións é o **Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil**<sup>7</sup>, convocado anualmente polo Ministerio de Cultura e dotado con quince mil euros, premia unha obra escrita nas linguas oficiais do Estado. A derradeira obra galega premiada foi *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey, en 1996. Convócase asemade na modalidade de Ilustración de LIX.

## 6. A LIX COMO OBXECTO DE ESTUDO

### REVISTAS

A literatura infantil e xuvenil galega conta coas súas propias publicacións, amosando así a súa vitalidade. O labor das revistas especializadas nela comezou aló nos anos 20, coa publicación *As rotaldas, folla dos rapaciños galegos*, dirixida por Ramón Cabanillas no marco do Seminario de Estudos Galegos e ilustrada con debuxos de

<sup>6</sup> Organización Española para el Libro Infantil y juvenil.

<sup>7</sup> Mantemos o seu nome en castelán.

Castelao e mais Antonio Palacios, só saíron dous números en maio e xullo de 1922. Entre 1975 e 1978 publicouse en Santiago primeiro e despois en Pontevedra, a revista *Vagalume*. O Servicio de Educación do Concello da Coruña comeza a editar a revista *Papeles de literatura infantil* en 1986, baixo a coordinación de M.<sup>a</sup> Jesús Fernández.

Edicións Xerais de Galicia publica dende 1999 *Golfiño*, *Revista mensual para pintos, maragotas, golfiños, golfiñas e outras especies mariñas coma ti* e mais a *Revista Galega de Educación*, que contén ás veces artigos sobre a LIX galega. Cómpre destacar o labor de *Fadamorgana*, *Revista Galega de Literatura Infantil e Xuvenil*, dirixida polo autor Xosé A. Neira Cruz e que conta con artigos dos máis prestixiosos autores galegos (Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre, Miro Villar...), entrevistas a autores galegos e estranxeiros (Jostein Gaarder, G. Martín Garzo...), as novidades do mercado editorial, etc. Sen dúbida é un dos puntos de maior efervescencia no ámbito cultural galego e unha ferramenta indispensable para o coñecemento do xénero que estamos a estudar.

Son interesantes as mencións á literatura infantil e xuvenil que poidan aparecer na revista *Grial*, na panorámica do seu *Anuario* e nos *Informes de Literatura*, proxecto bibliográfico financiado pola Xunta. Citaremos tamén *Elipse*, dedicada ao cómic e mais o *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* da Universidade de Vigo.

## ASOCIACIÓNS

Entre as asociacións que se dedican a literatura infantil e xuvenil en Galicia, destacaremos o labor de Gálix: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, que estuda todos os aspectos do xénero e cuxa páxina web é de obrigada visita, pola variedade dos seus contidos. A xa citada OEPLI no marco do Estado, a alemá White Ravens (que elabora unha lista anual das mellores obras) e IBBY, inclúen seccións para a lingua galega e a súa produción literaria.

## UNIVERSIDADE

Aínda que esteamos lonxe da importancia concedida a este xénero noutros países como Alemaña, atopamos un interese crecente no mundo universitario galego: fanse máis teses,

organízanse congresos, etc. A Universidade de Vigo sitúase na vangarda dos estudos sobre literatura infantil e xuvenil en España, ANILIJ<sup>8</sup> é un bo exemplo da súa actividade investigadora, os obxectivos deste grupo de traballo formado en 1992 na Facultade de Filoloxía e Tradución, son o fomento da investigación universitaria, o intercambio de información entre investigadores e a análise da LIX no apartado do ensino, tanto no marco galego como no internacional. As responsables de ANILIJ son Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez e Lourdes Lorenzo.


## 7. CONCLUSIÓNS

Neste artigo queríamos botar unha ollada á actualidade da literatura infantil e xuvenil galega; non se trata dun traballo crítico, mais dun panorama xeral que poida servir de base para todos aqueles interesados na investigación neste xénero literario. A nosa intención non era analizar as obras máis representativas nin comparar os autores principais, tentamos reunir un conxunto de informacións básicas referidas á literatura infantil e xuvenil en Galicia nestes primeiros anos do século XXI.

As conclusións que del se poidan tirar variarán segundo o lector, mais queremos subliñar a grande calidade desta literatura, recoñecida nos numerosos premios nacionais e internacionais. Un mercado editorial forte cunha oferta de calidade non é abondo. Para garantir a súa boa saúde necesita un apoio maior, social e institucional.

Non podemos perder a oportunidade de reclamar un bo Plan de Fomento da Lectura, xa en 2002 foi asinado un convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Cultura (“Pasaporte de Lectura: Viaxe polo mundo dos libros”) e agora non é o momento de esquecer este tipo de iniciativas. O ensino e as familias son os dous piares sobre os que se deben asentar as bases para a creación de lectores en galego; xa que non podemos actuar facilmente sobre as familias (poucas son as que prefiren ler en galego), débese insistir dende a escola no fomento da lectura en galego e a literatura infantil e xuvenil debe ser un elemento fundamental. Só grazas a políticas activas poderemos asegurar por moito tempo a vitalidade desta literatura e, polo tanto, de toda a literatura galega, xa que os nenos de hoxe serán os lectores do mañá.

<sup>8</sup> Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil, conservamos o seu nome en castelán.



## 8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BRAVO VILLASANTE, C. (1988): *Historia y antología de la literatura infantil universal*. Valladolid: Miñón.
- CERRILLO, P., GARCÍA PADRINO, J. (2001): *La literatura infantil en el siglo XXI*. Cuenca: Ediciones UCLM.
- COBAS BRENLLA, X. (1991): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Santiago de Compostela: Imprenta Velograf.
- LÓPEZ TAMÉS, R. (1990): *Introducción a la Literatura Infantil*. Murcia: Universidad.
- RUZICKA KENFEL, V. et al. (2001): *Literatura infantil y juvenil: tendencias actuales en investigación*. Vigo: Universidade.
- (2003): *Guía práctica sobre investigación de literatura infantil y juvenil en España*. Oviedo: Septem Ediciones.
- TARRÍO VARELA, A. (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais.
- VILAVEDRA, D. (1995): *Diccionario da Literatura Galega*. I Autores. Vigo: Galaxia.

### Recursos electrónicos:

[www.felix.org](http://www.felix.org)  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)  
[www.ibby.org](http://www.ibby.org)  
[www.oepli.org](http://www.oepli.org)  
[www.uvigo.es/anilij](http://www.uvigo.es/anilij)

